



E TAMPOUCO SE PODEN TER PLANTIÑAS...

Se consumes cánnabis en lugares públicos, estarás a cometer unha infracción grave e pódente sancionar cunha multa de entre 601 e 30.000 euros.

Se plantas cánnabis, as consecuencias dependen da cantidade e do lugar onde as plantes, non é boa idea, posto que a sanción dependerá de varias cuestións como se é para consumo propio (algo que tamén hai que demostrar) porque se o seu uso é para outra cousa ou non o podes demostrar é outra cuestión, e sería...



Se se cultivan ou plantan en lugares visibles ao público, estás a cometer unha infracción grave, e pode supoñer unha multa de entre 601 e 30.000 euros.



O cánnabis está na lista dos produtos de **dopaxe prohibidos para deportistas**, pode detectarse nos ouriños mesmo semanas despois, tamén no sangue e na saliva, supón a sanción e suspensión por parte da federación correspondente. Non só danas a saúde, senón que es un tramposo, e podes converterte nun adicto.



O consumo de cánnabis produce unha serie de efectos que afectan á condución dun vehículo (bicicleta, patinete, ciclomotor, coche...) facendo a súa **condución perigosa** e poñendo en risco a vida dos demais e a túa, ademais de poder recibir unha sanción segundo o caso, con perda de puntos e económica, entre outras.


Esta droga favorece a lentitude dos reflexos, dificulta seguir a traxectoria correcta, favorece a perda da coordinación e aumenta o tempo de reacción

FINANCIADO POR:


Concello de Lugo
ALCALDÍA
Xuventude e Deportes



SECRETARÍA DE ESTADO
DE SANIDADE
DELEGACIÓN DO GOBERNO
PARA O PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS



CANNABIS

NON TE LÍES,
NON A LÍES



AS ADICCIÓNS DEIXAN PEGADAS



Que sexa unha planta natural **O CÁNNABIS** non significa que sexa inocua (é dicir, que non fai dano), ademais todas as plantas de marihuana, aínda non sendo manipuladas para conseguir maiores efectos e concentracións superiores dos compoñentes psicoactivos, todas de seu son tóxicas e daniñas para a saúde.

AS CONCENTRACIÓNS DE THC

son 20 veces maiores que as de hai anos xerando maior adicción e aumentando os seus efectos psicoactivos, polo tanto as súas consecuencias e problemas para a saúde

Os estudos científicos mostran como o cánnabis produce efectos no sistema nervioso, danando o tecido cerebral. Son efectos aínda máis importantes cando quen consome é unha persoa nova, cuxo cerebro se atopa en desenvolvemento e proceso de maduración, podendo traducirse en problemas de memoria, atención, concentración, coordinación ou retardación do pensamento, entre outros.

Efectos como a apatía, a síndrome amotivacional, ou o cansazo e a falta de enerxía son algúns dos efectos comúns máis mencionados polas propias persoas consumidoras.

Por non mencionar o que xa sabes sobre a posibilidade de favorecer a aparición de síntomas psicóticos e trastornos de ansiedade ou os trastornos do estado de ánimo como a depresión.

E si, créase dependencia física e psíquica... que non te lén, quen consome, vende ou ten interese en xustificarse nunca che vai argumentar algo en contra do que fai.

ACLARANDO IDEAS...

Cando se fala de posibles efectos beneficiosos do cánnabis non se está falando de fumar porros, senón dalgúns compoñentes da planta da marihuana (chamados cannabinoides) que poden illarse e utilizarse en casos determinados sen que prexudiquen á saúde para paliar síntomas, non curar enfermidades...

Iso de fumar cánnabis terapéutico ou marihuana medicinal é un argumento para xustificarse e confundir, se non estás enfermo non é necesario que consumas nada por se tes un problema, nin vai previr nada... (que non lén).

A día de hoxe o cánnabis non é o tratamento recomendado para ningunha enfermidade nin doenza, o seu uso, baixo supervisión médica só está autorizado nalgúns casos e sempre que o resto dos tratamentos non resultase efectivo. Falamos de cánnabis, non ten nada que ver con fumar porros...

Non é o mesmo THC que CBD tampouco, aínda que ambos os dous se poidan encontrar na mesma planta, con fins, usos e consecuencias distintas...

ALGUNHAS DIFERENZAS

THC (tetrahidrocannabinol)

Compoñente psicoactivo

Únese aos receptores do SNC e é prexudicial para quen o consome, asociado a multitude de efectos negativos.

Actúa en receptores do sistema dixestivo producindo apetito

É o causante da dependencia ao cánnabis

A súa compravenda de produtos que o conteñen é ilegal no noso país.

Usado con fins recreativos es prexudicial

CBD (cannabidiol)

Compoñente non psicoactivo.
O CBD está catalogado como «non psicoactivo», a pesar de que pode ter trazas de ata 0,3 % de THC.

Actúa sobre os receptores repartidos por todo o corpo

Contrarresta os efectos producidos polo THC

A súa compravenda de produtos que o conteñen é legal

O seu uso é con fins terapéutico (pero non é cánnabis, aínda que provén da planta)

Utilízase de forma controlada en cosmética, e está permitido o seu uso externo e cunha porcentaxe máxima de 0,3% THC.

Aínda así, non debe de tomarse a trea o uso de CBD, e debería de falarse cun médico ou un especialista para establecer un emprego seguro.